



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 23 DE MAIO DE 2018.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

Dª Mª Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D. Ramón Tilve Castro PP

Dª Milagros Pérez Gándara PP

Dª Mª Pilar González Dopazo PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

Dª Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

Dª Mª del Pilar Prado González MI

Dª Icia García Fenández PSdeG-PSOE

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

Dª Mª Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 23 de maio de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quórum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A Sra. alcaldesa-presidenta pregúntalles aos membros do Pleno si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de abril de 2018; non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019.

A Sra. alcaldesa-presidenta dálle conta aos membros presentes da Corporación da proposta da Alcaldía sinalando que O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 2 de abril de 2018, acordou:

“1º.- Solicitar unha subvención por importe de 348.809,68 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, coa seguinte distribución por anualidades:





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	185.153,00 €	185.153,00 €
2019	163.656,68 €	163.656,68 €
TOTAL	348.809,68 €	348.809,68 €

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”

“1º.- Solicitar unha subvención por importe de 346.600,42 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento, con carácter plurianual, do investimento do “APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
2018	201.374,84 €	201.374,84 €
2019	145.225,58 €	145.225,58 €
TOTAL	346.600,42 €	346.600,42 €

2º.- O devandito gasto executarase en dous exercicios (2018-2019), elevando a porcentaxe do gasto que se imputará ao exercizo 2019, establecida para o exercizo inmediato seguinte.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”

Non obstante cando nos dispoñíamos a remitir os expedientes a Alcaldía recibe a chamada do interventor xeral da Deputación para advertir que en virtude da xuntanza que celebraran neste mesmo día os técnicos provinciais encargados da tramitación deste Plan, a raíz das cuestións que lle plantexaban diversos concellos, entre eles Meaño, concluían que procederían a desestimar as solicitudes que á data do remate do prazo de solicitude de subvencións non puidesen acreditar a titularidade dos terreos nos que se executasen os investimentos nin a aprobación dos proxectos técnicos, co risco da perda da subvención. Criterio que varía do adoptado nas anualidades anteriores xa que se permitía a aportación desta documentación con posterioridade ao remate do prazo de solicitude de subvención e que tampouco se deduce das Bases nin se advierte que será causa de perda da subvención, polo que ante esta situación e para evitar o risco da perda do importe da subvención que se pretendía solicitar para o “Proxecto de execución Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores” é polo que se procede a convocar con carácter de urxencia o mesmo día 4 de abril que remataba o prazo de solicitude á Xunta de Goberno co obxecto de reformular as solicitudes de subvención.

A Xunta de Goberno Local, nesta sesión de data 4 de abril de 2018, acordou:

“2º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019. LIÑA 1 INVESTIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA”.

Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas integramente no BOP nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018 e en extrato no BOP nº 3 de data 4 de xaneiro de 2018, que teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan para actuacións de competencia municipal e das que poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes.

Considerando que, segundo se sinala na base quinta, das devanditas Bases, no exercicio 2018, correspóndelle a cada concello distribuir libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases.

Considerando que dos criterios de reparto establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 a cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao Concello de Meaño para o financiamento das solicitudes acollidas a liña 1 e 2 no exercicio 2018 ascenden a 386.626,08 €.

Considera a necesidade de reformular as solicitudes acordadas polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 2 de abril de 2018.

Visto o proxecto de urbanización para praza pública na R/Ponte Dena-Dena redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, que ascende a un presuposto total de execución por contrata de 348.809,68 €.

Visto o que antecede, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 348.809,68 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento do investimento “PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARA PRAZA PÚBLICA NA R/PONTE DENA-DENA”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Isidoro Callejo Rey, con cargo á anualidade 2018.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- Do presente acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación.

3º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019. LIÑA 1 INVESTIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DA PISTA DE AXÍS AO ALTO DE SIFÓN (SIMES)”.

Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas integramente no BOP nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018 e en extrato no BOP nº 3 de data 4 de xaneiro de 2018, que teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan para actuacións de competencia municipal e das que poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes.

Considerando que, segundo se sinala na base quinta, das devanditas Bases, no exercicio 2018, correspóndelle a cada concello distribuir libremente as contías individuais respectivas segundo as súas



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases.

Considerando que dos criterios de reparto establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 a cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao Concello de Meaño para o financiamento das solicitudes acollidas a liña 1 e 2 no exercicio 2018 ascenden a 386.626,08 €.

Considera a necesidade de reformular as solicitudes acordadas polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 2 de abril de 2018.

Visto o proxecto da obra “PAVIMENTACIÓN DA PISTA DE AXÍS AO ALTO DE SIFÓN (SIMES)”, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro, que ascende a un presuposto total de execución por contrata de 71.912,93 €.

Visto o que antecede, informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 37.816,00 €, para un investimento total subvencionable que ascende a 71.912,93 €, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DA PISTA DE AXÍS AO ALTO DE SIFÓN (SIMES)”, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro, con cargo á anualidade 2018, coa seguinte distribución de financiamento:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	FONDOS PROPIOS DO CONCELLO
2018	71.912,93	37.816,00	34.096,93 €

2º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- Do presente acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación.”

Así mesmo segundo establece a base Décima das Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, no caso de seren aprobadas mediante decreto da Alcaldía ou acordó da Xunta de Goberno Local, dáráselle conta de dita aprobación ao Pleno da Corporación.

A vista do que antecede, esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación a deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 4 de abril de 2018, en relación coas solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 e ratificar os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 4 de abril de 2018, en relación coas solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que lle parece lóxica a esixencia da dispoñibilidade dos terreos e que se amosa a favor do cambio xa que non queda outra; concluíndo que o quere o seu grupo e que se fagan obras para os veciños, polo que votará a favor.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que o seu grupo amosara o desacordo coa obra que pasa a ser financiada íntegramente con cargo á anualidade 2018 do Plan Concellos pero ante esta necesidade de cambio votaran a favor.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que nos plan de cooperación convocados pola Deputación nas anteriores anualidades podía irse incorporando á solicitude a acreditación da dispoñibilidade de terreos e as autorizacións con posterioridade ao remate do prazo de solicitude; engadindo que o criterio adoptado nesta anualidade é respetable, de feito Vicepresidencia, Consellería de Presidencia e Administracións Públicas xa o viña esixindo, pero este ano colleunos por sorpresa.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos doce membros presentes, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 2 de abril de 2018, en relación coas solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

2º.- Darse por enterado e ratificar os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data, 4 de abril de 2018, en relación coas solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS 1/2018, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2018 E BAIXA POR ANULACIÓN DE INGRESO.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta someramente do expediente de modificación de créditos: suplementos de créditos 1/2018 e créditos extraordinarios 1/2018 e baixa por anulación de ingreso, motivados en que se observa, segundo a memoria da Alcaldía, insuficiencia de crédito en determinadas partidas do Estado de Gastos do Orzamento Municipal e inexistencia de crédito, para atender necesidades que non poden demorase ata o exercicio seguinte, que afectan a obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31-12-2017 correspondente á liquidación de gastos relativos ó terceiro cuatrimestre do ano 2017 da Mancomunidade do Salnés, segundo esixe a Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, segundo a Disposición adicional decimosexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o R.D.Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporación locias para investimenos financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxecto destas:

- Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores, polo cambio de destino da financiación prevista procedente do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018, ao non poder acadarse esta financiación ao non dispor dos terreos no prazo de solicitude de subvención.
- Urbanización para praza pública na R/Ponte Dena, en virtude da redistribución do



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

cambio de destino da financiación prevista procedente do Plan de obras e Servizos (Plan Concellos) 2018.

- Mellora en instalacións deportivas, acondicionamento pavillón deportivo Dena.
- Mellora camiños municipais (Pazo do Monte-Padrenda).

- Achega municipal a:

· Solicitud de subvención ao abeiro da Orde de 4 de decembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a “Mellora das instalacións deportivas de Igrexa-Simes, R/Sta Lucia-Dena, Bouza-Padrenda e R/Herminia Fariña”, xa que o Concello xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 20% do investimento.

· Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 25 de abril de 2018 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a “Fase II de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores”, xa que o Concello xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 20% do investimento.

· Solicitud de subvención ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para “Construción de senda peonil a carón do río da Chanca, entre Abuín (Dena) e a senda dos muíños (Lores)”, para o que a achega prevista se amosa insuficiente

· Solicitud de subvección ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para “Mellora de instalacións de iluminación exterior nas canchas deportivas de Simes, Lores, Barreiro, Cobas, Dena e iluminación interior pavillón Dena”, xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 20% do investimento.

· Solicitud de subvención ao abeiro da Resolución de 4 de xaneiro de 2018 da Axencia de Turismo de Galicia para “Sinalización turística de benvida ao Concello de Meaño”, xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión un como mínimo o 15% do investimento.

· Solicitud de subvención ao abeiro da orde do 21 de decembro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para área recreativa e observatorio de aves en seixiños, xa que o Concello tería que achegar no caso de concesión como mínimo o IVE

· Plan de obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 para a obra “Pavimentación da pista de Axís ao alto de Sifón” en virtude da redistribución do cambio de destino da financiación prevista procedente do Plan de obras e Servizos (Plan Concellos) 2018.

· Plan marco de mellora de camiños municipais 2018-2019, xa que o Concello ten que asumilo IVE.

· Convenio Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para dotar ao CEIP de local multiusos con destino principal de comedor.

Sometido o asunto deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández quen manifesta que é coñecida a opinión do seu grupo sobre as modificacións de créditos e o presente expediente ven determinado polo punto primeiro do orde do día desta sesión pero é certo que hai crédito de aplicacións orzamentarias que se tiñan que haber previsto na elaboración do orzamento como a que afecta á mellora de camiños. Engade que, en relación ao capítulo VI hai varias cuestións que comentar, así, en relación á área recreativa de Seixiños recordarlle a Xunta de Galicia que no 2015 por unanimidade se votou a favor da limpeza da Ría de Arousa e vanse a gastar catro mil euros para un facer un observatorio da porquería depositada na ría. O comedor está ben que se acade esta dotación pero quen abreu o camiño para acadalo foi o alcalde de Vilagarcía. En canto a



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

sinalización turística alégrase de que se teñan en conta as propostas formuladas polo seu grupo; remata sinalando que se absterá para poñer de manifesto o seu desacordo coa forma de elaborar os orzamentos.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen manifesta que coincide co sinalado pola Sra. García Fernández en canto a forma de elaborar os orzamentos e engade que están de acordo coas obras, algunhas partiron do seu grupo, pero estarán vixiantes na execución e no resultado como pode ser a prevista para instalacións deportivas; en canto ao comedor é unha necesidade que ven sendo demandada.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, coa abstención da Sra. García Fernández e por once votos a favor, acorda:

1º/ Aprobar inicialmente o expediente de Modificación de Créditos: Suplemento de Créditos 1/2018 e Créditos Extraordinarios 1/2018, financiados con cargo ao superávit en contabilidade nacional, segundo sinala a Disposición adicional sexta da lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financiera e a Disposición adicional decimosexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo e Real Decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas e con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2017, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201 e con cargo á baixa por anulación do financiamento, nos seguintes termos, coa conseguinte modificación no Plan de Inversións:

SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2018

Capítulo IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
943.46300	21.111,31	Rte. líquido tesourería/superavit presup 870.00	Gtos do terceiro cuatrimestre 2017 da Mancomunidade do Salnés.

TOTAL AUMENTO: 21.111,31€

Capítulo VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1531.60900	346.600,42	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores
1531.60900	22.060,79	Rte. líquido tesourería/ Superavit presup 870.00	Fase II de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores
171.60900	163.656,68	Baixa por anulación financiación da 1531.60900	Urbanización praza pública Dena
171.61901	45.000,00	Rte. líquido tesourería/ Superavit presup 870.00	Senda fluvial
342.63200	40.000,00	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Mellora instalacións deportivas
454.61903	13.000,00	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Mellora camiños municipais

TOTAL AUMENTOS: 630.317,89 €

CRÉDITOS EXTRAORDINARIO 1/2016

CAPÍTULO VI



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
171.61902	4.000,00	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Área recreativa
323.62200	30.000,00	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Edificio multiusos CEIP Coiron
432.62200	10.000,00	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Sinalización turística
454.61906	37.811,32	Baixa por anulación financiación da 1531.60900	Pav. Pista Axis ao Alto de Sifón
454.61906	34.101,61	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Pav. Pista Axis ao Alto de Sifón
454.61907	9.082,92	Rte. líquido tesourería/Superavit presup 870.00	Cños Plan mellora cños 2018-2019

TOTAL AUMENTOS: 124.995,85 €

TOTAL: 776.425,05 €

TOTAL FINANCIAMENTO CON CARGO Ó REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:
574.957,05 €

- SUPERAVIT PRESUPUESTARIO: 482.156,96 €
- REMANTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 92.800,09 €

BAIXA POR ANULACIÓN DE FINANCIACIÓN

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostaria	Baixa	Proxecto	Financiación
1531.609	201.468,00	Travesía Iglesia-Lores	201.468,00

Así mesmo procede modificar o Plan de Investimentos quedando o financiamento previsto do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018 distribuído do seguinte xeito:

Aplicación presupostaria	Denominación	Anos Inicio-fin	Importe proxecto 2018	Recursos propios	Plan Concello 2018
1531.60900	Travesía Iglesia (Lores)	2018	346.600,42	346.600,42	0,00
171.60900	Praza pública Dena	2018	348.809,68	0,00	348.809,68
454.61906	Pav. pista Axis ao Alto de Sifón	2018	71.912,93	34.101,61	37.811,32

Quedando o resumo por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.567.954,80	1	Impostos directos	1.047.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.360.038,90	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	658.567,00
4	Transferencias correntes	185.731,31	4	Transferencias correntes	1.564.609,00
6	Investimentos reais	2.144.339,24	5	Ingresos patrimoniais	7.500,00
7	Transferencias de capital	236.986,18	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	1.133.405,81
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	1.053.967,62
			9	Pasivos financeiros	
	TOTAL	5.495.050,43		TOTAL	5.495.050,43



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

2º/ Que continúe a tramitación do expediente coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 del R.D.Lvo2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, do 20 de abril; quedando definitivamente aprobado, sen prexuízo das publicacións pertinentes, de non presentarse reclamacións contra o mesmo.

4º.- DECLARACION DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES.

A Sra. alcaldesa-presidenta dálle conta aos membros presentes da Corporación da proposta da Alcaldía sinalando que, en sesión de data 8 de febrero de 2016, o Pleno da Corporación acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Iglesia- Lores, redactado a iniciativa do Concello de Meaño por URBES GESTIÓN DEL SUELO, S.L. e asinado pola arquitecta Dª Sandra Barbeito Méndez e pola abogada Dª Beatriz Piñeiro Gondar, que ten por finalidade redefinir parte da trama viaria do Núcleo Rural de Iglesia-Lores coa apertura dun vial que comunique a estrada PO9205 co vial municipal ao que da fronte a Casa Rectoral, a Igrexa e cemiterio parroquial de S. Miguel de Lores.

No devandito Plan sinálase que a apertura do vial conlevará a necesidade de obter os terreos nos que se asenta o mesmo, afectando a:

Parcela catastral	Titular	Supeficie afectada
8079313NG1987N0001FQ	Casa S. Amaro, S.L.	750,05 m ²
8079308NG1987N0001LQ	Alicia Besada Torres	20,37 m ²
8079314NG1987N0001MQ	Manuel Rosal Viñas	20,17 m ²

Tal e como se sinala no punto 4.4.6 da Memoria Xustificativa deste Plan Especial “...No obstante lo anterior, parcialmente la ejecución del plan Especial se realiza por el Sistema de Expropiación ya que es necesario obtener terrenos para la ejecución o modificación de dotaciones locales (Artículo 165 de la LOGA), por lo que la aprobación del mismo también implica a nivel jurídico la declaración de utilidad pública y necesidad de ocupación de los bienes y derechos, por directa aplicación del artículo 98 de la LOUGA, cumpliéndose por tanto con el requisito establecido en el artículo 9 de la Ley de Expropiación Forzosa.”

A este respecto, o punto 1 do artigo 98 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establecía que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes, manifestándose nos mesmos termos o artigo 85.1 da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Non obstante, unha vez redactado, polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro, o correspondente **proxecto de execución da fase I de apertura e**



N.I.F.: P-36-02700-A Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MEF2000740



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

urbanización de vial en Iglesia-Lores, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 04-04-2018 e elaborada a relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados pola execución desta obra, así coma o seu estado natural, valoración e identificación dos seus titulares, resultan os seguintes:

PARCELA CATASTRAL	TITULAR	TIPO DE SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE AFECTADA	VALORACIÓN	TOTAL
8079313NG1987N0001FQ	Banco santander, S.A.	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro peche pedra Muro peche pedra Muro bloques formigón Malla metálica Traslado portal Arbol frutal	750,00 m ² 62,50 m ² 60,00 m ² 5,95 m ² 43,75 m ² 35,00 m ² 1 Ud. 1 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 60,00 €	19.987,50 €
8079308NG1987N0001LQ	Alicia Besada Torres	Solo de Núcleo Rural Traslado portal e columna	20,00 m ² 1 Ud.	26,57 € 0,00 €	531,40 €
8079314NG1987N0001MQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro peche de pedra Malla metálica Traslado de emparrado Arbol frutal	20,00 m ² 27,50 m ² 22,00 m ² 10,00 m.l. 3 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 € 60,00 €	1.008,60 €
8178302NG1987N0001ZQ	Gerardo B. Gómez Trelles	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro bloques formigón Traslado emparrado	18,00 m ² 4,80 m ² 2,76 m ² 11,00 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	740,72 €
8178305NG1987N0001WQ 8178304NG1987N0001HQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Malla metálica Traslado de emparrado	50,00 m ² 31,90 m ² 29,00 m ² 27 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	1.972,72 €

* Non se valoran ao estar recollidas a súa reposición no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores.”

Polo que propón ratificala declaración de utilidade pública da obra de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores, definida no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores” redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro e aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 4 de abril de 2018, prevista no Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Iglesia-Lores, aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 8 de febreiro de 2016 é probala relación concreta de terreos, bens e dereitos que é preciso ocupar e afectados pola execución desta obra, así coma o seu estado natural, valoración e mailo nome dos seus titulares, elaborada polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro; como trámite previo á declaración de necesidade da súa ocupación que inicia o expediente de expropiación, sen prexuízo de convir a adquisición por mutuo acordo.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fenández, quen sinala que esta obra é unha demanda dos veciños a vez que necesaria para a parroquia, polo que votará a favor da proposta.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que a apertura deste vial é



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

unha obra necesaria e demandada polo que están a favor.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes, acorda:

1º.- Ratificala declaración de utilidade pública da obra de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores, definida no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores” redactado polo arquitecto D. José Antonio Sueiro Sueiro e aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 4 de abril de 2018, prevista no Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Iglesia-Lores, aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 8 de febreiro de 2016.

2º.- Aprobala relación concreta de terreos, bens e dereitos que é preciso ocupar e afectados pola execución desta obra, así coma o seu estado natural, valoración e mailo nome dos seus titulares, elaborada polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro:

PARCELA CATASTRAL	TITULAR	TIPO DE SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE AFECTADA	VALORACIÓN	TOTAL
8079313NG1987N0001FQ	Banco santander, S.A.	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro peche pedra Muro peche pedra Muro bloques formigón Malla metálica Traslado portal Arbol frutal	750,00 m ² 62,50 m ² 60,00 m ² 5,95 m ² 43,75 m ² 35,00 m ² 1 Ud. 1 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 60,00 €	19.987,50 €
8079308NG1987N0001LQ	Alicia Besada Torres	Solo de Núcleo Rural Traslado portal e columna	20,00 m ² 1Ud.	26,57 € 0,00 €	531,40 €
8079314NG1987N0001MQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro peche de pedra Malla metálica Retranqueo de emparrado Arbol frutal	20,00 m ² 27,50 m ² 22,00 m ² 10,00 m.l. 3 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 € 60,00 €	1.008,60 €
8178302NG1987N0001ZQ	Gerardo B. Gómez Trelles	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro bloques formigón Traslado emparrado	18,00 m ² 4,80 m ² 2,76 m ² 11,00 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	740,72 €
8178305NG1987N0001WQ 8178304NG1987N0001HQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro peche de pedra Malla metálica Retranqueo de emparrado	50,00 m ² 31,90 m ² 29,00 m ² 27 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00€ * 23,86€	1.972,72 €

* Non se valoran ao estar recollidas a súa reposición no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores.”

3º.- Expoñe-lo expediente a información pública durante un prazo de quince días hábiles con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meaño; concedéndolle audiencia aos interesados, con notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas neste procedemento, ao abeiro dos artigos 18 da Lei e 17 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que poidan examina-lo expediente e formular as alegacións que consideren oportunas. Sen prexuízo de convir a



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

adquisición por mutuo acordo, nos termos sinalados nos artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa en concordancia co artigo 25 e seguintes do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

4º.- Autorizar o gasto que se deriva deste expediente, que ascende a 24.240,94 € con cargo á aplicación presupostaria do Estado de Gastos do Orzamento Municipal 2018 1531.60000 e facultar a Sra. alcaldesa tan amplamente como sexa posible para a realización de cantas xestións resulten precisas para a consecución dos devanditos terreos.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e trinta e oito minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

Vº e Praxe
A alcaldesa

Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela

